


As flores radiactivas



Título: As flores radiactivas
Autor: Agustín Fernández Paz
Ilustrador: Miguelanxo Prado
Editorial: Xerais
Colección: Merlín
Nº páxinas: 120 / 15ª edición
ISBN: 978-84-8302-615-1
Idade: De 11 anos en diante

XERAS



o autor

Agustín Fernández Paz

Pode considerarse un dos máximos expoñentes da literatura infantil e xuvenil galega actual. Conta cunha produción ampla e variada, tanto en narración curta como en novela, e moitos dos seus libros están traducidos a outras linguas. Acadou premios de gran prestixio neste campo:

Merlín 1989 por *As flores radioactivas*; Edebé 1994 por *Trece anos de Branca*; Lazarillo 1990 por *Contos por palabras*; Premio Rañolas 1995 por *Cartas de inverno*; Premio Raíña Lupa 1998 por *Cos pés no aire*; Premio Barco de Vapor 2003 por *O meu nome é Skywalker*; Foi finalista do Premio Nacional de Literatura Infantil; Premio Edebé por *Trece anos de Branca* e por *A escola dos piratas*; Formou parte da Lista de Honra do IBBY e da Lista de Honra da CCEI en máis dunha ocasión.

Acada o Premio Nacional de Literatura Infantil con *O único que queda é o amor*.

Conta con obra para os primeiros lectores e tamén para a xuventude.

Entre outros, son seus os títulos: *O laboratorio do doutor Nogueira*, *Un tren cargado de misterios*, *A praia da esperanza*, *A fuxida do mar*, *Rapazas*, *Aire negro*, *Tres pasos polo misterio*, etc.

o ilustrador

Miguelanxo Prado (A Coruña, 1958)

É, sen dúbida, un dos ilustradores galegos máis recoñecidos internacionalmente. Entre outros, ilustrou os seguintes libros: *Rapazas*, *O trasno de Alqueidón*, *Perigo vexetal*, *Ameaza na Antártida*, *O futuro roubado*, *A negrura do mar*, *Cos pés aire*, *Relatos para un tempo novo*, *Pedro e o lobo*, *Bala Perdida*, *A néboa escura*, *No corazón do bosque*, *Historias para calquera lugar*, *A serea da Illa Negra...*

O seu traballo na banda deseñada é moi relevante, publicando nas cabeceiras máis emblemáticas. Dirixe «Viñetas desde o Atlántico», o salón do cómic que se celebra cada verán na Coruña. Dentro da produción neste xénero podemos citar *Fragmentos de la enciclopedia délfica*, *Stratos*, *Crónicas Incongruentes*, *Quotidiania Delirante*, *Tangencias*, *Trazo de tiza*, *A mansión dos Pampín* (unha colaboración co Proxecto Terra).

Traballa animación en *Men in Black*, producida por Steven Spielberg.

En cine realizou a longametraxe *De profundis* que, posteriormente, saíu editada en formato libro.

É o creador da mascota do Xabarín Club da TVG.

Conta con múltiples premios, como «Diario de avisos», á mellor obra gráfica en 1984, Premio Semana de la Historieta de Madrid en 1986, Premio Genie da Convention de París en 1988, Premio Salón Internacional de BD do Porto en 1988, Premio Charleroi 1988, Premio Buenaventura 1989, Premio Barcelona á mellor obra de 1988, Premio Simao de Porto en 1989, Premio Salón Internacional de Grenoble ao mellor autor 1990, Premio Grand Prix des Alpagnes en Suíza 1990, Premio Philip Morris en Xenebra 1990, Premio Max und Moritz de Alemania 1990, Premio Alph Art en Angouleme 1991, Premio Asociación nacional de Ilustradores 1992 e uns vinte máis.

o libro

Foi Premio Merlín de Literatura Infantil en 1989.


«Un estraño fenómeno aparece na fosa atlántica, zona que ata hai pouco tempo utilizaron unha serie de países europeos para verter os residuos radioactivos procedentes das súas centrais nucleares», dísenos na contraportada. A novela relata este suceso, e as consecuencias posteriores, a través da historia protagonizada por unha rapaza. Só ela poderá solucionar o problema co que se atopan os ecoloxistas que se desprazan a esa zona; nas súas mans está a posibilidade de facer público o que realmente está pasando e salvar o planeta. Fronte a ela e aos ecoloxistas, os altos mandos da OTAN, exércitos e armas que loitan por salvagardar a súa propia razón de ser.

O autor coloca na actualidade a defensa do medio ambiente, lembrando as protestas das organizacións ecoloxistas contra os vertidos na fosa atlántica, a principio dos oitenta. Faino dunha maneira fantástica, ao crear unha ficción, na que o lixo radioactivo produce flores que estenden a paz co seu recendo.


A obra semella dun optimismo a proba de radioactividade, mostrando que aínda do máis negativo é posible que naza a luz.

Acompañan á ficción uns anexos, nos que se achega información relativa á fosa atlántica e todo o que a rodeou nos momentos nos que ocupou as primeiras planas dos xornais.

temas e valores




A paz e os exércitos




O feminismo

O papel das mulleres na obra: quen son, o que fan, o que defenden...
Protagonista feminina.




O medio ambiente

Vertidos radioactivos. Que facer co lixo.




A fosa atlántica



Diferentes textos

Narrativo, diario, xornalístico, expositivo...




O binomio fantástico de Gianni Rodari

O xogo contraditorio con dúas palabras: flores e radioactividade.



As organizacións ecoloxistas

ADEGA, Greenpeace, SGHN...



O diario

Esa maneira de falar cun mesmo, de reflexionar sobre o vivido, de gardar segredos...



A amizade e os primeiros pasos do amor

actividades

A proposta de actividades xorde das múltiples opcións de xogo arredor do texto. Deben tomarse como a apertura dun abano de posibilidades para comprendelo algo mellor, darlle voltas, repensalo, tratalo como se se tratase dun comentario de texto libre ou un proxecto documental ao seu xeito...

Cada mediador deberá escoller aquelas actividades que lle resulten máis adecuadas para o seu alumnado ou a dinámica do grupo, tendo en conta os intereses que o guían; ou creará as súas propias actividades baseándose nas que a continuación se deseñan.

En calquera caso, o máis importante dunha historia é lela e comentala. Realizar algunha actividade en torno a esta lectura ha de complementar a función anterior, pero non debe distraernos do obxectivo principal que é gozar da obra.

Antes da lectura

- Co libro na man anticipamos o seu contido. Observando as capas imaxinamos de que pode tratar e o que imos atopar nel.
- Atendemos ao que nos suxira o título e a ilustración da portada.
- Reflexionamos sobre o título. Hai algo contraditorio nel? Que teñen en común «flores» e «radioactividade»? Lémbranos outros? Xogamos a inventar títulos semellantes.
- Escribimos un texto con ese título. Pode estar en prosa ou en verso.
- O título nace a partir do binomio fantástico de Gianni Rodari. Este consiste en xuntar dúas palabras que semellan opostas nunha frase e inventar, a partir dela, unha historia. Probemos a buscar palabras moi diferentes; logo unirémolas en frases e, a continuación, creamos un relato con este título.
- A lectura do texto, que aparece na contraportada, axudaranos a anticipar o tema e o argumento. Deixamos que vaian aflorando os coñecementos previos e experiencias vividas ao respecto.
- Identificamos o autor, lembramos o que sabemos acerca del e das obras que coñecemos, buscamos máis datos aproveitando os que aparecen na lapela. Aqueles que leron outros libros da súa autoría, poden presentarllelos aos compañeiros e compañeiras. Repasamos a lapela na que aparecen os títulos de «Agustín Fernández Paz en Merlín». Continuamos documentándonos na biblioteca.
- Podemos falar da colección Merlín, doutros títulos que teñamos lido e da opinión que nos mereceron.
- Comentamos a dedicatoria, e unha vez lida a novela, pensamos a quen lla dedicaríamos nós e con que palabras.

actividades

- Cunha mirada rápida observamos as ilustracións e imaxinamos a historia que pode haber detrás.
- Falamos do ilustrador. Localizamos as súas obras. Informámonos acerca do seu traballo na ilustración doutros libros, en banda deseñada, carteis ou cine. Achegamos máis datos á biografía.
- Pensemos en algún outro libro que teña recibido o premio Merlín ou calquera outro premio e que teñamos lido. Opinamos sobre os premios, se algunha vez nos presentamos a un concurso, se coñecemos a alguén que os recibise...

Ao longo lectura

- Lemos «Un aviso previo» e xa nos imos facendo idea do que nos espera. Pasámoslle unha mirada a eses anexos para saber que temas tratan, e detémonos en cada un deles, se temos interese.
- A partir de aquí, sabemos que atoparemos, dous tipos de texto, un de ficción e outro expositivo ou informativo. Recoñecemos cunha ollada rápida.
- Situamos o texto dentro dun xénero literario. Vemos que hai tipoloxías diferentes dentro da novela, localizámoslos e recoñecemos.
- Os capítulos teñen título. Antes de comezar a lectura realizamos hipóteses acerca do contido. Cando rematamos de lelo cambiámosllo, poñéndolle outro que nos pareza máis adecuado; podemos crear un a modo de resumo, por exemplo: «Onde se conta o que sucedeu cando...».
- Despois da lectura de cada un dos capítulos predicimos a continuación da novela.
- Facemos un resumo conciso de cada capítulo.
- Identificamos quen conta a historia en cada un dos capítulos. Comentamos a diferenza que se produce cun tipo de narrador ou outro. Falamos de historias que coñecemos e como non son iguais as versións ás que tivemos acceso cada un de nós.
- Seleccionamos aqueles fragmentos que nos chaman a atención para despois compartilos cos compañeiros e compañeiras.
- Situamos a obra no espazo e no tempo.
- Imos recollendo información sobre cada un dos personaxes para describilos.
- Elaboramos un vocabulario con aquelas palabras que nos resultan difíciles á primeira vista. Realizamos unha listaxe co léxico que consideramos propio da obra.
- Deteñámonos en cada unha das ilustracións. Tentamos explicalas e observamos que informacións novas nos achegan.

actividades

- Eliximos a ilustración que máis nos gusta de todas e argumentamos a escolla.
- Ilustramos ese círculo de dous quilómetros de radio, no que están as flores, acordadas por barcos militares.
- Poñémoslle pés de foto ás ilustracións, tal como se fai en prensa.
- Seleccionamos aqueles fragmentos da lectura que nos resulten máis suxestivos. Logo buscaremos imaxes acordes. Desa maneira realizamos unha recreación paralela e persoal.
- Tomamos nota de frases que nos sirvan como citas.
- Ilustramos aqueles textos nos que botamos de menos unha imaxe.
- Probamos a ler un fragmento do libro de forma que cada un de nós represente un personaxe.
- A obra desenvólvese nunha vila mariñeira, de aí que podamos atopar nomes de peixes ou de barcos, nunha ollada rápida.
- Acheguemos os datos de situación da fosa atlántica, a latitude e a lonxitude. Expliquemos o significado de cada unha delas e xoguemos a situar diferentes lugares por medio desas coordenadas.
- Formulémonos preguntas relacionadas co texto.
- Podemos realizar un cómic no que reflectir o argumento.

Contestemos:

- Que sucedeu no verán de 1982?
- Que é a OTAN?
- Que sabes do accidente de Chernobil?
- Cres que hai diferenzas entre os ecoloxistas, os verdes, os pacifistas...? Explícaas!
- A que chamamos zona de libre circulación?
- En que consiste a operación: «Espello Mariño»? E a operación «Espello Roto»?
- Que miden os contadores Geiger?
- Como eran as flores da mancha brillante?
- Como imaxinas un xardín mariño?
- Existe algún xornal chamado «O Diario de Galicia? Por que non terá utilizado –o autor– esta cabeceira?
- En que traballa Luís, o irmán de Alba?
- A que distancia está a fosa atlántica das costas galegas?
- Como imaxinas as flores pechadas en caixas de chumbo? Ilustra esa imaxe!
- Que é a eslora?

actividades

— A que equivale –en quilómetros– a velocidade de doce nós por hora que ten o Ferrete?

— Recoñeces algunha referencia ao libro *A illa do tesouro*?

— Que traballo realiza o xefe de máquinas?

— En que dirección pode moverse o barco? Completa as posibilidades: SW, S...

— Cando chegou o home á lúa?

— Que personaxe che gusta máis e por que? En que se parece este personaxe a ti ou a alguén que coñezas?

— Que momento che gusta máis do libro e por que?

— Se tiveses que valorar este libro... cantos puntos lle outorgarías?

— A que tipo de persoas recomendarías este libro?

- Contestemos ás preguntas que, a respecto da OTAN, se formulan na páxina 102.
- Reflexionemos en torno ao feito de que a protagonista sexa unha rapaza. Que pode significar? Observemos o papel que representan as mulleres: que son, o que fan, o que din, o que defenden... Podemos concluír que a obra fai unha defensa da muller e este pode ser un punto de partida para falar de feminismo. Planificamos un encontro con alguén que defenda estes postulados e nos axude a entrar nesa sensibilidade, conteste as nosas preguntas ou nos informe daquilo que lle parece importante en relación a este tema.
- Para observar o papel das mulleres, lemos con atención o que sucede no barco, a maneira na que as mulleres teñen que estar sempre facéndose visibles como cando se presentan para ir na zodiac... pois a eles non se lles pasa pola cabeza, a pesar de non ter mala intención nin estar competindo. Tamén podemos fixarnos en como Alba quere ser o mesmo cás súas compañeiras de camarote, de aí a necesidade de ter modelos ás que imitar. Tamén podemos fixarnos en como Gloria está sempre pendente de que Alba teña voz e poida opinar por si mesma. Reflexionemos en torno a todo isto.
- Expliquemos o que sabemos de Greenpeace, do significado do seu nome, dos barcos cos que traballaron ao longo destes anos, do traballo que realizaron... Tentemos entrevistar ou realizar un encontro cun activista ou voluntario desta organización.
- Moitas veces temos que facer da necesidade virtude. Sucede cando Alba, por ser tan delgada pode atravesar a rede e lograr o que ningún outro podería. E moitas outras veces que lembramos, entre todos e todas.
- Observemos a diferenza entre as partes do texto narrativo nas que lemos o diario de Alba ou aquelas outras nas que se nos contan as reunións do Consello Permanente do Alto Mando da OTAN. Opinemos respecto a eses mundos tan diferentes e que son igualmente reais, e suceden ao tempo.

actividades

- Cando as flores estenden os seus efectos beneficiosos, créase a Asociación de Científicos pola Paz, pois ata ese momento estiveran traballando maioritariamente ao servizo da destrución. Comentemos isto, o que ten de realidade e o que non, que pasaría se todos os investigadores (e sobre todo, as empresas que lles pagan) buscaran o ben da humanidade e non servisen a outros intereses.
- Nos tempos nos que sucede a trama, os rusos aínda son inimigos da OTAN; porén, os seus exércitos teñen os mesmos problemas. Documentémonos en relación á guerra fría e o Pacto de Varsovia. Reflexionemos en torno aos intereses dos exércitos.
- Tomamos nota das frases feitas que atopamos no texto: tragar o anzol, coas mans baleiras...
- Busquemos o significado das siglas ADEGA. Documentémonos sobre esta organización a través de internet. Contactemos cos seus responsables e vexamos a posibilidade de levar a cabo un encontro no que nos expliquen as súas finalidades, o seu papel na loita contra os vertidos na fosa atlántica, o traballo que están a realizar neste momento, as vías de apoio...
- As consignas ou slogans son fundamentais en publicidade. Na páxina 11 aparece a que acompañaba un cartel de Greenpeace contra os vertidos radioactivos «*Un home só non pode parar un barco. Móllate connosco*». Falemos de todo o que hai detrás desa frase, das connotacións de «mollarse» nese caso, da busca do apoio e o compromiso para salvagardar o mar...
- Observamos os nomes que reciben as operacións militares na novela e falamos acerca dese uso do idioma, da opinión que nos merece... Inventamos outros nomes para operacións militares que tentamos definir.
- Anotamos fragmentos que nos suscitan reflexións.
- Explicamos todo o que sabemos do Parlamento Europeo.
- Alba está en misión de apoio, cando revisa e recorta as novas dos xornais para elaborar o dossier «Fosa Atlántica». Elaboremos nós tamén dossieres arredor de temas que nos interesen.
- Opinamos acerca das declaracións do Ministro de Enerxía na páxina 24. Existe ese Ministerio en España ou esa Consellería en Galicia?
- Documentémonos sobre o comandante Cousteau.
- Buscamos os graos do exército que aparecen no texto e outros que poden existir; colocámonos en orde xerárquica. (Para eles é moi importante).
- O recendo das flores fai milagres, transformando a militares en pacifistas. Opinemos acerca disto, de se é posible ser militar e pacifista, se o exército é voluntario ou obrigatorio... Preguntamos aos pais e avós a diferenza entre o exército actual e o que coñeceron eles cando tiñan que realizar o servizo militar...

actividades

- As historias de polisóns sempre nos atraen, lembremos algunha outra como *A expedición do Pacífico...*
- Indaga a diferenza entre un xornal e unha axencia de noticias como Efe.
- Localicemos, sobre o mapa, os lugares que aparecen no texto.
- Ao final da novela asistimos ao fin de todas as guerras. Imaxinemos como sería un mundo en paz, e vaíamos pensando por onde habería que empezar a declarar a paz. Pensemos nas guerras actuais e nos lugares onde se producen.
- Alba está feliz pois ela axudou a ese cambio, e nós? Cal é o noso papel no avance ou involución do mundo?
- Bombardear con flores pode ser como golpear con sorrisos, como atacar con afecto, como... (Continuemos a enumeración!).
- Os anexos achégannos información veraz e fundamental para entender de maneira completa a novela. Podemos lelos e ir subliñando o máis importante, resumindo ou esquematizando cada un deles. Situando os lugares, dos que se fala, nun mapa ou comentando onde se atopan. Buscando información sobre as persoas citadas...
- Buscamos un libro de Kalandraka sobre a historia do *Rainbow Warrior* e lémololo.
- Documentámonos sobre a SGHN.

Despois da lectura

- Observamos a estrutura da obra.
- Comentamos o que gustou, as dúbidas que nos abordaron, o que nos resultou críble e o que non...
- Escollemos o personaxe co que nos identificamos e explicamos a razón.
- Unha vez lida, tenta buscarlle un escenario real a este relato, onde podería desenvolverse esta historia? Por que? Logo, sitúaa no tempo.
- Busquemos aquilo que máis nos sorprendeu, o que nos resultou máis triste, o máis cómico, o máis fantástico...
- Analicemos os problemas que xorden na historia e a maneira de resolvelos.
- Co libro na man, busquemos unha descrición, un diálogo, unha narración, un diario, unha reportaxe...
- Comentemos os valores que defende o autor neste texto.
- Escribimos a opinión que nos mereceu o libro ou realizamos unha posta en común na que imos achegando a valoración de cada un de nós. Intercambiamos as sensa-


actividades

cións que nos espertou a lectura, e as lembranzas que foron agromando ao longo da mesma.

- Resumimos o argumento ou realizamos unha liña argumental.
- Intentamos sintetizar a idea principal do texto.
- Escribimos ao autor para comentarlle a nosa opinión sobre a obra.
- Repasamos o texto buscando un fragmento que nos poida servir como cita.
- Escribimos un poema relacionado con esta obra.
- Realicemos unha mesa redonda en torno ao medio ambiente e a necesidade de defendelo, a maneira de facelo no día a día, as formas de implicarnos...
- Falemos da relación entre ecoloxismo e pacifismo. Se nos apetece, tamén, podemos conectalo co consumismo.

Deste a outros libros

- Pensamos noutros textos que poderíamos relacionar con este: polo tema, polo lugar no que se desenvolve, porque defende valores parellos...
- Buscamos as outras obras do autor para poder seguir lendo.
- Localizamos outros libros ilustrados por Miguelanxo Prado.



Pedidos a:

**Comercial Grupo Anaya
Polígono Pocomaco
Avenida 3 Edificio Diana
Nave 4 Baixo • 15009 • A Coruña
Telf.: 981 171 641 / Fax: 981 171 647**

XERAIS

**Doutor Marañón, 12. 36211 Vigo
Apartado Postal 1446. 36200 Vigo
Teléfonos (986) 21 48 88 - 21 48 80
Telefax: (986) 20 13 66
Correo electrónico: xerais@xerais.es
<http://www.xerais.es/>**

EDICIÓN XERAIS DE GALICIA



© Pilar Sampedro e Maruxa Caamaño, 2008
© Edicións Xerais de Galicia, S.A., 2008
Depósito legal: VG 52-2009